

AO POBO CRUÑÉS

1904

Miñas donas, meus señores,
que polos papés chamados
(sempre estremosos comigo)
vindes honrarme a este acto:
¡Que non salla deste sitio,
onde me trouxo o meu fado,
se sei como agradecervos
tan lisonxeiro agasallo!
¿Que fixen eu, ¡voto a min!
pra merecer estes laudos,
pra que me tratés millor
que se fora o deputado?
¿Trouguen as ágoas á Cruña?
¿leveí da Cruña a Santiago
o ferrocarril directo,
fai medio siglo agardado?
¿Tireivos algún trabuco
dos que vos están matando?
¿Fíxenvos algún camiño,
anque mesmo for de carro,
i anque mesmo fose a dar
ás miñas casas de campo?
¿Boteí abaixo os consumos?
¿Fundeí tal ves algún Banco
Agrícola, onde se axude
ós que viven do traballo?
Nada deso. Pois, entonces,
¿que razón hai nin que diaños
pra que me enchades o fol
de ousequios e de regalos?
¡Vítoreis, aclamaciós,
apoloxías i aprausos
a min, habendo outros antes
eiquí que os teñen gañados!
E... ¿quen son eu? Un poeta,
ou, como quen di, un paxaro
a quen tallaron o bico
cando empezaba o seu canto;
e que, dende aduela, mudo,
dos patrios eidos xotado,
por longas terras e mares
arrastra as áas sangrando.
Un poeta a quen un día
hastra ese nome negaron,
porque arrolar nunca soupo
o sono vil dos tiranos;

porque despertaba ós pobos
cos seus alegres recramos
i agoiraba auroras novas
que xa están alborexando;
un poeta a quen xueces
que Dios teña en seu descanso,
condenaron á cadea
que levan os presidiarios
e cuio ferron ¡ouh Cruña,
terra de peitos fidalgos!
mandaches limar a rentes
por man dos teus maxistrados.
Mais coído que nestas penas,
nestes aldraxes i escarnios,
nos que non hai groria algunha,
(que de homes son os traballos)
están as executorias
do voso tolo entusiasmo.
I é tamén, cecais, motivo
pra vir eiquí a demostrarmo,
o eco daquela palabra
de prestixio soberano
con que o moderno Demóstenes,
sol e honor do verbo hispánico,
ponderou eiquí os meus versos
en fulxentes ditirambos.
Pero aquel eco abafouno
a morte ¡e ben abafado!
pra que haxa paz e me estimen
todos no pouco que vallo.
Que si esas razóns puideran
abonar favores tantos,
¿a quen lle fora o loureiro
da inmortalidá negado?
¿Quen non recolle inxusticias
no mundo e non trepa cardos?
¿Quen non probou algún día
da sorte o rigor amargo?
¿Quen pola cega amizade
non foi unha ves gabado,
nin que corazón sinxelo
non se viu exposto a enganoso?
Os meus traballos, por meus,
débenvos ter sen coidado,
que s' eles con merecidos,
con sofrilos están pagos;
i os meus versos, se son bos,
anque eu os teño por malos
(i a proba téndela nestes
En que vos estou falando)

Pois que os sabés de memoria
i andan en tódolos labios,
¿que outro galardón soñaron?
Por eso, anque agradescido
a tantas mercedes, calo,
cando me mido con elas
tópome a seu par enano.
Cesade, pois, que estas festas
Sentan mal a un emigrado
e, máis que a min, fanlle falla
ao triste pobo galaico.
Esta croa, que me dades,
pra cando el trunfe eu lla gardo,
¡que abandono levou de espiñas
o corazón coroado!
Namentres, lidas cruñesas
de ollos como os meus pecados,
¡adiós! ¡Adiós, pescadores
do mar, na terra pescados
polas meigas, os caciques,
a usura... i outros andacios!
¡Adiós, Orzán temestoso,
Mestre-cantor afamado,
que presides os concertos
dos trovadores cantábricos;
patria de meu pai querida,
montes irtos, verdes campos,
mallas, degrúas, esfollas,
nas noites de luar craro,
romarías, gaitas, festas
arredor do santuario,
adiós! ¡E adiós compañeiros
i amigos do vello bardo!
Con fonda pena vos deixa
meu corazón desolado;
mais así o quer o destino
e non é ben contrarialo.
Cuba, que amei delorida,
acólleme expatriado
e nela n'ha de faltarme
unha cunquiña de caldo.
A todos aquí vos teño
dentro do peito cravados,
a todos, porque no levo
de nadie recordos malos.
¡Inda, adiós! ¡E faga a sorte
que, xa que tristes nos damos
a última aperta, vos tope
á volta alegres e salvos!